



## **CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS FERROLÁNS NO ANO 2010**

### **1.–Obxecto.**

O obxecto da presente convocatoria é a promoción do deporte, facilitando ós deportistas do noso Concello o acceso a unha preparación axeitada mediante a concesión de bolsas para o financiamento de proxectos de mellora deportiva.

Exclúense da presente convocatoria os cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

A dotación total da presente convocatoria é de 9.200,00 euros (co límite máximo de 2.500,00 euros por bolsa) con cargo á partida 0501-3410-48017 do presuposto en vigor.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que deberán ser comunicadas polo solicitante ó Patronato.

### **2.–Solicitantes.**

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas que reúnan os seguintes requisitos:

2.1.–Ter residencia en Ferrol.

2.2.–Ter entre os catorce e os trinta anos cumpridos no 2010.

2.3.–Dispoñer de licencia deportiva vixente nun club do noso Concello (agás que non exista un club dese deporte ou categoría). Presentar fotocopia da licencia.

2.4.–Acreditar nivel deportivo na modalidade practicada e ter proxección de cara ó futuro.

2.5.–Quedan excluídos desta convocatoria os deportistas que xa teñan algún convenio con similar finalidade.

### **3.–Documentación.**

As solicitudes presentaranse nos impresos normalizados que poden obterse na oficina do Patronato Municipal de Deportes do Concello de Ferrol e incluírán a seguinte documentación:

3.1.–Solicitud de participación cos datos persoais e deportivos.

3.2.–Historial deportivo referente ós tres últimos anos.

No historial faranse constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais e internacionais. Este

historial virá dilixenciado co visto e prace da Federación Galega correspondente.

**3.3.**–Proxecto de mellora deportiva para o que se solicita a bolsa, con indicación dos aspectos máis salientables do mesmo.

**3.4.** –Declaración das axudas recibidas na última temporada.

#### **4.–Lugar e prazo da solicitude.**

As solicitudes presentaranse nas oficinas do Patronato ata o día 29 de outubro de 2010.

Tamén poderán presentarse solicitudes no mesmo prazo, en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **5.–Composición do tribunal.**

O tribunal que outorgará as bolsas estará presidido polo Presidente do Patronato Municipal de Deportes e formarán parte do persoas de recoñecido prestixio no mundo do deporte e o xerente do Patronato, sendo secretario o da Corporación ou persoa na que delegue.

#### **6.–Concesión das bolsas.**

O tribunal formulará a proposta de selección dos bolseiros á Xunta Rectora do Patronato que dictará o acordo de adxudicación.

**6.1.**–Para a concesión das bolsas teranse en conta os seguintes criterios:

\* O interese do proxecto presentado: 5 puntos.

\* O historial deportivo do solicitante: 4 puntos.

\* Outros méritos a valorar polo tribunal, segundo a documentación presentada polo solicitante: 1 puntos.

A ponderación dos criterios sinalados farase polos membros do tribunal no momento da súa constitución.

**6.2.**–O tribunal poderá nomear os suplentes que considere oportuno, tralo establecemento previo dunha orde de prioridade.

Os suplentes poderán acceder á titularidade dunha bolsa soamente no caso de que se producira renuncia ou incompatibilidade con estas bases por parte dalgún titular.

**6.3.**–A resolución da convocatoria darase a coñecer publicamente e comunicarse individualmente ós solicitantes.

#### **7.–Pagamento.**

As bolsas aboaranse previa presentación (antes do 10 de abril de 2011) dunha memoria e facturas orixinais polo importe da mesma. Poderán facerse abonos a conta cos mesmos trámites.

## **8.–Obrigas dos bolseiros.**

**8.1.–**Cumprir tódalas normas establecidas nos apartados anteriores.

**8.2.–**Realizar o proxecto no presente ano.

**8.3.–**Realizar o proxecto previsto aténdose á finalidade da bolsa.

**8.4.–**Publicitar a súa condición de bolseiro do Patronato Municipal de Deportes na equipación deportiva (nos casos que sexa posible) nas competicións e actividades deportivas nas que participe.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, así como a renuncia á bolsa, terá como efecto a obrigatoriedade de devolución da cantidade percibida á que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora.

Coas persoas que resulten beneficiarias das bolsas o Patronato poderá programar algunha actividade por medio da cal se mostre o seu aproveitamento.

Para todas aquelas cuestións non previstas nas presentes bases, aplicarase o disposto nas bases de execución do presuposto do Patronato Municipal de Deportes e do Concello de Ferrol 2009.

Ferrol, 13 de setembro de 2010.